

ANEXO I

ACORDO ESPECIFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE FORMATIVA NA MODALIDADE DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL

ACORDO Nº 15005257-CSCOM02-001-094

Dunha parte:

Dª/D _____, con DNI _____ como director/a do centro educativo IES Ramón Menéndez Pidal, código de centro 15005257, localizado en A Coruña, provincia de A Coruña, Rúa Instituto Zalaeta, código postal 15002, código de identificación fiscal Q6555289E, teléfono 981203000, correo ies.menendez.pidal@edu.xunta.gal

e doutra:

Dª/D _____, con DNI _____ representante/s legal/legais do centro de traballo SOGAMA, da empresa SOGAMA, localizado en Cerceda, provincia de Coruña (A), RÚA MORZOS, 10 - San Román, Encrobas, código postal 15187, código de identificación fiscal A15379803, teléfono 981698500

EXPOÑEN

Que ambas as partes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.
Que o obxectivo do presente acordo é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento da actividade formativa na modalidade de formación profesional dual.

Que a devandita colaboración se fundamenta xuridicamente no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, que pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España.

ACORDAN

Subscribir o presente acordo específico para o desenvolvemento da actividade formativa na empresa do alumnado matriculado nas ensinanzas que se recollen deseguido, que ambas as partes coñecen e acatan, e de conformidade coas cláusulas que figuran no reverso deste documento.

DENOMINACIÓN DA ENSINANZA	Comercio internacional	CÓDIGO CSCOM02
TITOR DO CENTRO EDUCATIVO D/Dª		
PERÍODO DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE FORMATIVA NA EMPRESA	DATA DE INICIO: 01/03/2024 DATA FINALIZACIÓN: 15/06/2024	

ALUMNO: _____	DNI: _____
MÓDULOS PROFESIONAIS	
MP0625 Loxística de almacenamento	MP0822 Sistema de información de mercados
MP0823 Márketing internacional	MP0825 Financiamento internacional
MP0826 Medios de pagamento internacionais	MP0827 Comercio dixital internacional
MP0828 Proxecto de comercio internacional	MP0830 Formación en centros de traballo

Ao presente acordo incorporaráselle a programación de actividades formativas para desenvolver polo alumnado nos centros de traballo.

En A Coruña, 29 de febreiro de 2024

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO Firmado digitalmente por Fecha: 2024.02.29 12:12:44 +01'00' Asdo: _____	OS/AS REPRESENTANTES DO CENTRO DE TRABALLO Firmado digitalmente) (R:) Fecha: 2024.02.29 13:47:17 +01'00' Asdo: _____
--	--

(Cláusulas do acordo na páxina 2)

CLÁUSULAS

Primeira. O alumnado que figura no presente acordo desenvolverá as actividades formativas programadas nas dependencias do centro de traballo ou, de ser o caso, nos lugares en que a empresa titular do centro de traballo realice a súa actividade produtiva, sen que isto implique relación laboral ningunha coa empresa nin asignación para o alumnado dun posto de traballo concreto. A incorporación do alumnado ao centro de traballo ten por finalidade, exclusivamente, a realización de actividades formativas curriculares vinculadas coas ensinanzas obxecto do presente acordo, sen que supoñan ningún xeito de contratación directa nin indirecta de carácter remunerado.

O centro educativo, en consenso coa empresa e para garantir a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo das ensinanzas obxecto do presente acordo, poderá establecer, dentro dos períodos de realización das actividades formativas para desenvolver na empresa, un calendario de actividades de reforzo e complemento das actividades que serán realizadas no centro educativo.

Segunda. A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co/coa titor/a do centro educativo, á revisión da programación, se for necesario, logo de iniciado o período de realización da actividade formativa e á vista dos resultados.

Terceira. A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orientación e a consulta do alumnado, facilitará as relacións co/coa profesor/a titor/a do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao/á profesor/a titor/a do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e de supervisión do proceso.

Cuarta. No caso de alumnado menor de idade, a empresa comprométese a exixir ao/á titor/a responsable do alumnado e, de ser o caso, aos/ás traballadores/as que vaian ter un contacto habitual con este alumnado unha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Quinta. O alumnado participante non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual directa nin indirecta. En calquera caso, as entidades colaboradoras participantes, de acordo coa normativa que resulte de aplicación, poderán achegar bolsas ao alumnado participante, cuxo obxecto se limitará a compensalo polos gastos derivados da participación na actividade formativa regulada no presente acordo.

Sexta. O presente acordo poderase extinguir por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas

- a) Cesamento de actividades do centro docente, da empresa ou da institución colaboradora.
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) Incumprimento das cláusulas establecidas no acordo específico, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes, en relación coa realización das actividades programadas.
- d) Mutuo acordo entre o centro docente, adoptado pola súa dirección, e a empresa ou institución colaboradora. Igualmente, poderase rescindir para un/unha alumno/a, ou grupo un deles/as, por calquera das partes asinantes, e ser excluído/a da súa participación no acordo por decisión unilateral do centro, da empresa ou institución colaboradora, ou conxunta de ambos, nos seguintes casos:
 - Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
 - Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, logo dunha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o centro docente deberá informar a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da extinción ou rescisión dos acordos específicos de colaboración en calquera dos casos, e esta, pola súa vez, deberá comunicarllo á Inspección Provincial de Traballo.

Sétima. Para a cobertura de risco en caso de accidente, o alumnado quedará acollido á normativa aplicable en materia de seguro escolar e ao recollido nos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo isto sen prexuízo da cobertura dos riscos descritos nas pólizas que poidan subscribir como seguro adicional para mellorar indemnizacións, cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, outras entidades xestoras dos programas de bolsas ou axudas para realizar accións formativas na modalidade de formación profesional dual e que se vinculen coa primeira mediante convenio, ou ben a entidade titular do centro de traballo onde se desenvolva a formación obxecto do presente acordo.

Oitava. A empresa comprométese ao establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante, suxeito ás seguintes especificidades:

- a) A empresa achegará a cada alumno/a, en períodos mensuais e con carácter irrevogable, durante os meses en que a actividade formativa se realice integramente na empresa, unha bolsa por importe mínimo de 661.5 euros por mes. No caso de que o/a alumno/a só realice actividade formativa na empresa durante unha parte do mes, o importe calcularase de xeito proporcional aos días de estada na empresa.
- b) Os/as alumnos/as participantes no proxecto de formación obxecto deste acordo incorporaranse ao réxime xeral da Seguridade Social, nas condicións e nos termos establecidos no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, producíranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e para os efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores/as na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- c) Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que resulte de aplicación e neste acordo.

Novena. En todo momento, o alumnado irá provisto do DNI.

Décima. As xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades remitirán á Inspección de Traballo unha copia do presente acordo.

Undécima. A duración deste acordo é a prevista no período de realización da actividade formativa na empresa, e considérase improrrogable.